

Entre o xeo

A muller que intenta mastigar a súa comida con dentes que non son seus, mira ós catro nenos sentados ao outro lado da mesa. Mentres ela apenas chega ao prato, os seus netos vanse facendo máis altos. Verlles rir alegremente, énchea de alegría que lle falta. Salvo estes pequenos momentos de luz, séntese triste, encollida, maior... O seu home conversa xovialmente co resto dos invitados. É feliz entre a súa xente. Non percibe nel ningunha sombra da parede fría que se atopa cada día. Sempre duro, esixente e agudo. Aínda que nunca recibiu unha palabra amorosa ou alentadora del, segue ó seu lado, como prometeu aquel día.